



SAN SILVESTRE SR CALO 2025

A **Sociedade Recreativa Calo** en colaboración con **Difusión Comunicación, Concello de Teo** e **Eroski supermercados**, organizan a carreira San Silvestre solidaria en favor de **Mam Project**, Organización colaboradora coa dotación de recursos necesarios para que nenos e nenas con diversidade funcional poidan acceder a unha educación en (Ukunda, Kenia).

O importe doado irá destinado para a realización dun campus de fútbol por membros da **S.R.Calo** cos nenos e nenas en Ukunda.

As probas estarán suxeitas ao seguinte:

REGULAMENTO

1.- Data:

A proba celebrarase o **sábado 27 de decembro** de 2025 a partir das 16:30 horas.

2.- Saída e Meta:

A saída e meta da proba estará situada no campo de fútbol de Rebordelo (Calo)

Ubicación -> <https://maps.app.goo.gl/r6CZsrpXBFJqsZbz5>

3.- Participantes:

Nesta proba poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, estean ou non federadas. Non haberá clasificación da mesma por tratarse dunha proba **NON COMPETITIVA**. O control da carreira estará a cargo da Organización. Os/as participantes deberán cumprir coas condicións de participación e inscrición reflectidas no presente regulamento. Na proba os/as participantes poderán realizala disfrazados, pero o dorsal deberá estar visible en todo intre na parte anterior do corpo.





4.- Inscripcións, prazos e prezos:

As inscricións realizaranse a través da páxina web <https://emesports.es/>

Prezos de inscrición: **6€ (Dos cales 4 son destinados a Mam Project)**

Prazos de inscrición: Dende o 1 de Decembro ata o día 23 de decembro. **NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓN O DÍA DA PROBA**

Tamén contaremos con **DORSAL SOLIDARIO**. Para aquelas persoas que desexen colaborar e non poidan participar no evento activamente, terán a opción de “mercar” un dorsal de xeito simbólico. (A cuantía a abonar será libre)

5.- Horarios, distancias aproximadas e Categorías:

CATEGORÍA	ANOS NACEMENTO	DISTANCIAS (Aprox.)	HORARIO
Infantil	2024 a 2008	3,8 Km aprox.	16:30 horas
Adultos	2007 a 1965	3,8 km aprox.	16:30 horas
Seniors	1965 e anteriores	3,8 Km aprox.	16:30 horas
Grupos	2024 e anteriores	3,8 Km aprox.	16:30 horas

6.- Percorrido e distancia.

DISTANCIA: **3,8 km** aprox.(1 volta completa o percorrido).


PERCORRIDO: Saída do Campo de Fútbol de Rebordelo, A Igrexa San Xoán de Calo, Lugar Folgueiras, Lugar Carballal, Aldea de Carballal, Rúa Cernadelo, Urbanización Campos de Mirabel, Camiño de Fixó, Alto da Cascaleira, Campo de Fútbol de Rebordelo para chegar novamente o punto de saída (Meta).

<https://earth.google.com/web/data=MjUKMwoxCiAxalBQMg1hclNKQkpaaV9kQ3RnZGJUdDFlMWV3OFdMSRILCgljODY0YTgyXzAgAKlCCABKCAjKxaWYARAB>



II SAN SILVESTRE SOLIDARIA

Sr Calo



7.- Recollida de dorsais :

Lugar: **Local da SOCIEDADE RECREATIVA (CALO)**

Horario: Día 26 de decembro de 19:00 horas a 21:00 horas.

Día 27 de decembro de 15:30 horas a 16:00 horas.

8.- Premios e agasallos:

- Recibirán premio o primeiro/a clasificado/a da categoría Masculina e Feminina **Adultos**
- Recibirán premio o primeiro/a clasificado/a da categoría Masculina e Feminina **Senior**
- Recibirán premio o primeiro/a clasificado/a da categoría Masculina e Femenina **Infantil**
- Tamen recibirán premio o mellor disfraz individual e mellor disfraz grupal (2 ou máis persoas), xulgado polo noso comité de honra.
- **Os premios entregaranse no lugar de Saída e Meta da proba**





9.- OUTRAS DISPOSICIÓNS REGULAMETARIAS.

Non está permitido o acompañamento na proba por ningún vehículo alleo á organización, nin bicicletas, patíns ou persoas **NON** inscritas que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

SERVIZOS MÉDICOS

A organización contará cos servizos médicos obrigatorios, dotando de ambulancias a zona de saída/meta e distintos puntos do percorrido. Os servizos médicos e a organización da competición están facultados para retirar da proba a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGUROS

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e Accidentes Deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do

desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da proba ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Afirmo que estou en bo estado físico para a disputa da proba, eximindo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse neste censo á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais

membro da organización. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente **REGULAMENTO**, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e World Athletics, por esta orde, en vigor.





LOPD

Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe na páxina de inscricións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA:

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo, Complexo Deportivo de Elviña Praza Agustín Díaz, s/n – Salas 15 – 16 – 17, 15008 A Coruña.

